

TERRITORIO: PROPIEDAD E SERVIZOS

Emilio Carral*

As sociedades humanas comezamos a empregar o territorio desde o punto de vista egosistémico, é dicir, collendo aqueles recursos que nos facían falta. Algo máis adiantados no desenvolvemento agro-gandeiro, a nosa xestión foi fragmentaria: dedicabamos unha parte do territorio ás diferentes actividades segundo as necesidades de adquisición/produción de bens e servizos: forestal, agraria, gandeira, cinxética, industrial, mais sen prestar atención ás posibles relacións que se derivan dos distintos usos ou aproveitamentos. Despois preocupámonos dos procesos de contaminación ambiental derivados da industrialización (mediados do século XX) e da conservación das especies mediante a instauración e xestión de espazos protexidos (xestión ambiental).

Tendo presente toda a información científico-técnica desenvolvida nas últimas décadas, hoxe en día faise necesario ter unha perspectiva global e integrada da xestión do territorio. É dicir, a base territorial na que vivimos e da que vivimos, ten que ser vista como un único e complexo ecosistema subministrador de bens e servizos básicos para as comunidades humanas. Beneficios estes que van desde a produción de materias primas (alimentación, industria) até o que denominamos servizos ecolóxicos: ciclo hidrolóxico e de nutrientes, regulación climática (fornecemento da calidade da auga e do ar, mantemento da fertilidade do solo) e conservación da diversidade biolóxica. Desde esta perspectiva debemos pensarmos o territorio como fonte da supervivencia "física" e da supervivencia "metafísica". Evidentemente a distinción non é real, xa que as dúas van parellas, mais o ser humano sempre ten máis claro



"É obrigatorio acadar un acordo polo cal a propiedade privada, non mingúe ou estrague os dereitos colectivos de dispormos dos servizos ecolóxicos, dependentes dunha xestión integrada do territorio"

que o territorio danos os materiais primarios para sobrevivir, e que podemos cuantificar de maneira máis doada: madeira, alimentos, terreo para a construción, para o aproveitamento dos recursos minerais...

Mais tamén o territorio subministra elementos básicos, ás veces menos tanxíbeis ou con presenza menos urxente: auga e ar limpo, espazos de lecer, contacto coa natureza. Son bens que en moitas ocasións non están directamente na consciencia da relación entre territorio e usos do mesmo.

Outra característica importante é que os bens "físicos" colámolos indisolubelmente coa propiedade. Ese terreo prodúcese madeira, ou dáme pata-

cas... Pola contra, os servizos ecolóxicos non están aparelados á propiedade, xa que por definición, é o conxunto do territorio, alén do posuidor, o que regula o ciclo hidrolóxico e de nutrientes, o clima, a conservación da diversidade biolóxica, e a necesaria relación do ser humano coa natureza, para poder desenvolver unha personalidade equilibrada: a biofilia.

Esta paisaxe, nunca mellor dito, amósanos que a propiedade do territorio pode, e realmente é así, incidir e determinar o nivel e a calidade dos servizos xerais que o espazo subministra á toda a sociedade. Chegados a este punto de relación, faise necesario e obrigatorio acadar un acordo ou entendemento polo cal a propiedade privada, legalmente instituída e respectábel, non mingúe ou estrague os dereitos colectivos de dispormos dos servizos ecolóxicos, dependentes dunha xestión integrada do territorio.

Por outra banda, isto non é só unha demanda, se non que é tamén unha obriga legal. A Constitución Española esixe a todas as administracións o deber de preservar o medio ambiente para que toda a sociedade, presente e futura, se beneficie dos seus bens e servizos. Polo tanto, non podemos só solicitar, se non que é preciso demandarmos que a lei se cumpra. Que a xestión/ordenación do territorio teña presente todos os beneficios fornecidos, non só os aparelados a un ordenamento de egosistema e aproveitamento fragmentario, no cal os intereses particulares de obtención de determinados bens, a curto ou longo prazo, se imponen e minimizan ou desbotan completamente os servizos xerais, básicos para a supervivencia das sociedades.

O achegamento a estes obxectivos pasa por non ceder nesta teima, mais tamén por perseverar na educación e comunicación ambiental. E a bo seguro que este é un grande desafío, xa que se a educación ambiental básica ten moito que mellorar, a transmisión do coñecemento sobre temas máis xerais require dun grande esforzo adicional. Estes temas son posibelmente un bocadiño máis difusos: función global do territorio, funcionamento dos ecosistemas, relación entre estrutura e función, mais son esenciais para que todos e todas ancoremos na consciencia a importancia que ten un uso racional dos recursos naturais para a propia supervivencia/benestar, e o das xeracións futuras.

E todo isto faise irreversible e localmente urxente, xa que nestes intres a biocapacidade do territorio do Estado só cubre o 30% da demanda de recursos (consumo-contaminación). Cada súbdito español consume 5,4 hectáreas globais e dispón de 1,6 ha. Informar, explicar e facer comprender á sociedade a importancia da relación entre propiedade e servizos do territorio, considerado como un ecosistema global, é o grande desafío do noso tempo. As boas decisións, grandes e pequenas, tómanse só cando dispomos dunha información correcta, equilibrada e orientada cara o interese socio-global.

Entender, e facer entender, o funcionamento do territorio como ente, ou ecosistema global, subministrador de ditos recursos básicos, precisa dunha grande disposición de medios, de tal forma que sen o compromiso das institucións públicas é moi difícil que teña bo suceso. Non só pola presenza das mesmas en todo o espazo público, senón como protagonista, director e iniciador obrigado de calquera medida legal e de fomento, para acadar ese equilibrio entre o dereito á propiedade privada e a seguranza no fornecemento de servizos ecolóxicos (e económicos) á sociedade, todos eles debedores do uso integrado e racional dun espa-

* Emilio Carral é Catedrático da Escola Universitaria da Área de Ecoloxía da USC.

ARTE, SOSTIBILIDADE E DESENVOLVIMENTO RURAL

FUNDACIÓN RAMÓN GONZÁLEZ FERREIRO

Centro de Educación Ambiental
O Rexo
Compartindo a tarefa educativa

O Centro de Educación Ambiental O Rexo está situado na Reserva da Área de Allariz e xestionado pola Fundación Ramón González Ferrero, a cal está declarada dende 1986 de interese galego, recoñecida e clasificada como benéfico-docente pola Consellería de Educación.

Este espazo preséntase como un recurso ou medio de apoio e complemento aos programas escolares e ás familias.

A súa construción, levouse a cabo seguindo criterios bioclimáticos e coa instalación de enerxías renovables para un mellor aproveitamento dos recursos naturais e na busca da coherencia co proxecto educativo.

Contidos
Desenvolvemento rural; Construción sostible; Enerxía e cambio climático; Cofecemento do medio; Artesanía; Consumo responsable.

Actividades de 2, 3 e 6 horas e campamentos específicos

Vista Rápida
- Presentación da Reserva da Biosfera da Área de Allariz; desenvolvemento rural; bioconstrución e enerxías renovables.

Observatorios
- Experimentando coas enerxías renovables
- Granxa de Ovelas
- Obradorio de cestería
- Queixería
- Horta ecolóxica
- Radio local
- Reciclaxe

Itinerarios
- Visita ó Espazo do Rexo (cofecendo o noso medio)
- Ruta senderismo de A Padela
- Ruta senderismo do O Rexo - Arxila

Outros
- Visita a unha estación depuradora
- Visita cultural a museos de Allariz

Instalacións
Centro de Educación Ambiental
- Aula (capacidade máx: 50 persoas)
- Casa de Palla
- Granxa de ovelas
- Queixería

Albergue Xuvenil
- 10 prazas (habitacións de 2 e 4 persoas máis)
- Aulas de actividades
- Terreo de cestería
- Espazos de xarín e deportivos

Información
Fundación Ramón González Ferrero
E-32867 Pacios, Allariz (Ourense)
Teléfono: +34 989 436 302
info@fundacionj.org - www.fundacionj.org

FUNDACIÓN RAMÓN GONZÁLEZ FERREIRO
obra social CALXAGANCIA